

ORDENANZA FISCAL Núm. 17

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL, INCENDIOS E SALVAMENTO.

Artigo 1º. Fundamento e Natureza.

No uso das facultades concedidas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución Española** e polo **artigo 106 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local**, e de conformidade co que se dispón no **Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo**, polo que se aproba o texto refundido da **Lei reguladora das facendas locais**, este Concello establece a "**Taxa polos Servizos Materiais e Persoais do Servizo de Protección Civil, Incendios e Salvamento**", que se deberá rexer pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito Impoñible.

- 1) Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos persoais e materiais do equipo de Protección Civil do Concello de Vilalba, nos casos de incendios, prevención de ruínas, tala de árbores e mato, salvamentos e rescates, seguridade vial e pública ou outros semellantes, ben sexa de oficio ou por requirimento de autoridades ou particulares, sempre que a prestación do dito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

Igualmente constituirá o feito impoñible a utilización do material do departamento de Protección Civil do Concello de Vilalba, non así a prestación persoal, debido ao carácter voluntario e altruísta da citada agrupación.

- 2) Non estará suxeito a esta taxa o servizo que se preste nos casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

Artigo 3º. Suxeito Pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o **artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria**, os usuarios dos terreos sinistrados que fosen obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios dos ditos terreos.
2. Cando se trate de prestación de servizos de salvamento ou outros semellantes, será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica, ou as entidades sinaladas no **artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria**, que os solicítase ou que se beneficie ou redunde no seu interese a intervención que constitúa o feito imponible.
3. Terá a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendios, salvamentos, rescates ou semellantes, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os **art. 41 e 42 da Lei xeral tributaria**.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o **artigo 43 da Lei xeral tributaria**.

Artigo 5º. Cota Tributaria.

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.
2. A cantidade resultante de aplicar a tarifa, que se detalla a continuación, o sinalado no punto anterior, a suma dos conceptos de persoal, material e desprazamento, constituirá o total da cota tributaria.

Artigo 6º. Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estruturarase nos seguintes epígrafes:

Epígrafe 1º. Persoal:

- Por cada peón especialista, por hora ou fracción, **6,96 €.**
- Por cada capataz de grupo, por hora ou fracción, **7,48 €.**
- Outro persoal municipal adscrito circunstancialmente á prestación do servizo, por hora ou fracción e por cada persoa que interveña, **12,86 €.**

Epígrafe 2º. Material:

- Por cada vehículo cuadríciclo ou ciclomotor, por hora ou fracción, **12,86 €.**
- Por cada vehículo turismo, furgón, furgoneta ou similar, por hora ou fracción, **32,13 €.**
- Por cada vehículo autobomba, camión cesta, vehículo con equipo de rescate/excarceracións/limpeza de calzada, por cada hora ou fracción, **64,25 €.**
- Por utilización de equipos especiais autónomos (bombas de achique, equipos de iluminación, motoserras ou similares), por hora ou fracción **12,86 €.**

Epígrafe 3º. Desprazamentos.

- Vehículos a motor de dúas rodas, **0,12€ por quilómetro**, contados dende a súa saída da base ata o regreso.
- Vehículos turismo, furgóns, furgonetas, camións ou similares, **0,23€ por quilómetro**, contados dende a súa saída da base ata o seu regreso.

Epígrafe 4º. Abastecemento auga potable por sequia prolongada.

Nos casos de sequia prolongada que ocasionan a falta de auga nas captacións normais da que se abastecen as vivendas que non dispoñen de traída municipal, realízase a subministración a demanda do interesado mediante un vehículo autobomba con capacidade de 4 m³ o que ocasiona un gasto engadido ao custo da auga subministrada de contía considerable. Para evitar que o custo repercutido poida ocasionar un agravio comparativo,

motivado pola distancia da vivenda ata o punto de saída do vehículo que realiza a subministración, establécese unha contía fixa por subministración dunha cisterna de 4 m³ que terá un custo total de **20,00 €**.

Artigo 7º. Remuneración.

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando saia do parque ou base de dotación, momento en que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8º. Liquidación e Ingreso.

De acordo cos datos que achegue o Servizo de Protección Civil, os servizos tributarios do Concello practicarán a liquidación que corresponda, para a súa aprobación, que se notificará aos suxeitos pasivos ou substitutos legais, para ingreso en forma e prazos, conformes ao **Regulamento xeral de recadación**.

Artigo 9º. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que a estas corresponda en cada caso, estarase ao que se dispón nos **artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria**.

Artigo 10º. Ámbito Territorial.

- 1) O ámbito territorial para a aplicación da presente ordenanza é o termo municipal de Vilalba.
- 2) A prestación dos servizos aos que se refire a presente ordenanza, poderá levarse a cabo fóra do termo municipal de Vilalba, con autorización específica do alcalde-presidente desta Corporación (ou persoa en quen delegue), logo da solicitude do organismo oficial ou autoridade que requira a inmediata actuación dos efectivos municipais.

Artigo 11º. Exencións e Bonificacións.

- 1) Aqueles casos de suxeitos pasivos nos que se dean circunstancias familiares, sociais ou socioeconómicas desfavorables, e sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local,

despois do informe motivado, e sempre referido a actuacións no termo municipal de Vilalba.

- 2) Cando as intervencións se realicen fóra do termo municipal de Vilalba e os seus destinatarios, suxeitos pasivos, cumpran as condicións sinaladas no punto anterior, gozarán dunha bonificación do 50%, e será responsable subsidiario a autoridade ou organismo que requirise a intervención.

Disposición Derradeira.

A presente ordenanza fiscal aprobouna o Pleno do Concello na sesión celebrada o 31 de maio de 2012, entrará en vigor, despois da súa publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.